- Outras metodoloxías como o traballo por proxectos significativos para o alumnado, a clase invertida (flipped classroom), a aprendizaxe colaborativa, a ludificación, etc. que permitan maximizar o tempo útil de traballo práctico na aula, optimicen resultados e fagan o proceso de ensinanza máis inclusivo e variado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos de texto de elaboración propia con contidos teóricos e actividades.
Enderezo electrónico, acceso a internet (casa, biblioteca...) e Aula Virtual.
Material audiovisual: documentais, películas...
Lecturas orixinais e adaptadas.

Utilizaremos os materiais elaborados polo profesor combinados co uso da aula virtual do centro. O ordenador empregárase en clase para a exposición de contidos, visualización de recursos audiovisuais, realización de exercicios na rede e buscas de información. Cando se impartan novos contidos e se faga o traballo habitual da materia utilizaranse o ordenador, altofalantes e o proxector da aula.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Aínda que se trata dunha materia que o alumnado non cursou con anterioridade, hai que considerar o posible alumnado repetidor e os coñecementos previos sobre o mundo grecorromano que poidan ter adquirido en cursos previos noutras materias como Xeografía e Historia ou materias lingüísticas. Por esta razón e para adecuar as explicacións ao nivel de coñecementos da clase, presentaremos nas primeiras sesións lectivas unha proba escrita de diagnóstico con cuestións xerais diversas referidas a cada unha das unidades didácticas do curso.

1. PROPÓSITO DA AVALIACIÓN INICIAL:

Para comezar, é importante definir que é o que se quere conseguir por medio da avaliación inicial. Canto máis concreta sexa esta definición, máis útil será para unha toma de decisións axustada.

Debe proporcionar información relevante sobre os niveis xerais do grupo e do alumnado que o integra e servir como punto de partida para a contextualización do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar, a organización da aula,... así como para axustar a actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.

2. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:

A segunda fase da avaliación inicial, coincidente coa de calquera proceso de avaliación, é a recollida de información. Tratarase de manter o equilibrio entre recoller todos aqueles datos que sexan precisos para o que se quere facer e centrarse só naqueles que sexan útiles para a decisión a tomar.

Os aspectos sobre os que recoller información serán:

- Competencia curricular: comunicación, autonomía, habilidades...
- Características do alumno/a: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe...
- Contorna: contexto educativo (itinerario elixido, materias pendentes...), contexto familiar, contexto social.

O formato de recollida de información pode ir desde elaboración de cuestionarios como tarefas na Aula Virtual do centro, cuestionarios en papel, ata conversas informais, debates, etc. Tratarase de levar a cabo entre a primeira e a segunda semana do curso.

A reunión de avaliación inicial co equipo docente e o Departamento de Orientación, así como a información aportada polo titor do grupo, axudará a completar a información recollida e poñela en común.

3. TOMA DE DECISIONS:

Unha vez analizada toda a información, tomaranse decisións sobre os seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo: deseñar adaptacións curriculares e reforzos nos casos necesarios.
- Respecto á forma de traballar na aula: organizar grupos, distribuir o material...
- Respecto a aspectos organizativos: distribución das unidades didácticas, organización da avaliación...

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	9	9	8	8	8	8	8	6	8	10
Proba escrita	80	80	50	60	100	100	80	0	75	70
Táboa de indicadores	20	20	50	40	0	0	20	100	25	30

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	8	100
Proba escrita	65	40	68
Táboa de indicadores	35	60	32

Criterios de cualificación:

ACITIVIDADES DE CLASE E PROBA ESCRITA / CONTROL

A avaliación da asignatura ponderará de igual forma o traballo diario na aula e as probas escritas / controis.

Primeiro, aclaremos o feito de que a proba escrita / control é unha ferramenta de avaliación que procede facer nalgunhas unidades didácticas pero non en todas. Cómpre agora concretar como se vai levar a cabo durante o curso. Para empezar, durante a realización desta proba, o alumnado pode consultar calquera tipo de material didáctico, isto é, apuntes, libros de texto,... Así, priorízase a comprensión dos contidos teóricos da materia sobre a súa aprendizaxe de memoria.

Deste xeito, nunha determinada unidade didáctica, a realización de exercicios e fichas de traballo na aula valerá o 50 % da nota e a nota da proba escrita / control suporá o 50% restante.

Así e todo, para que este procedemento de avaliación poida aplicarse, o alumnado deberá acadar un mínimo de 3 puntos sobre 10 tanto no traballo da aula como na proba escrita / control. Farase unha proba escrita / control de recuperación de cada un das probas escritas / controis anteriores se fose oportuno.

NOTAS ADICIONAIS

Tamén se poderán plantexar exercicios ou actividades sinxelas que se avalíen con notas que se sumen ou resten directamente á nota final do trimestre. A valoración destas de actividades non se fará, xa que logo, de 0 a 10 puntos senón que a súa nota consistirá nunhas décimas de punto que se poden sumar á nota final do trimestre no caso de que as actividades se resolveran correctamente. Tamén cabe a posibilidade de que estas notas adicionais resten o valor da súa nota á nota final do trimestre se non se realizaron ou se levaron á practica de maneira moi deficiente.

Dentro deste tipo de notas temos tamén a valoración de aspectos relacionados coa actitude e o comportamento. Por exemplo, pode valorarse positivamente a participación na aula, a boa presentación e negativamente aspectos como non traer o material didáctico, entregas de exercicios con retraso, mal comportamento na aula, etc.

Concluindo, a nota da avaliación dunha unidade didáctica sería o resultado da seguinte fórmula:

$$\text{Nota da unidade didáctica} = [(\text{PPdTA} + \text{CON}) / 2] + A$$

Na fórmula anterior:

"CON" é a nota da proba escrita / control.

"A" son as denominadas "notas adicionais".

"PPdTA" é o promedio ponderado do traballo na aula.

PROMEDIO PONDERADO DO TRABALLO NA AULA (PPdTA)

Este valor calcularíase deste xeito:

- multiplicaríase a nota de cada exercicio polas sesións que levou realizalo.
- súmanse os produtos anteriores.
- a suma anterior dividiríase entre o total das sesións adicadas a facer exercicios na aula.

Así, o cálculo deste valor faríase aplicando a seguinte fórmula:

$$PPdTA = [(N1 \cdot S1) + (N2 \cdot S2) + (N3 \cdot S3) \dots] / Ts$$

Na fórmula de arriba:

"N1", "N2" e "N3": notas dos Exercicios 1, 2 e 3 respectivamente.

"S1", "S2" e "S3": sesións que levaron os Exercicios 1, 2 e 3 respectivamente.

"Ts": número total de sesións adicadas a facer exercicios en clase durante o trimestre.

Se na unidade didáctica que se está a avaliar non se fixo proba escrita / control, a nota da avaliación calcularíase aplicando a seguinte fórmula:

$$\text{Nota da unidade didáctica} = PPdTA + A$$

É dicir, a suma do PPdTA (promedio ponderado do traballo na aula) máis A (as "notas adicionais").

REDONDEOS

No tocante aos redondeos, aplicarase o redondeo matemático para calcular calquera nota xa sexa dunha unidade didáctica, do trimestre ou a de fin de curso.

COMO SE ELABORA A CUALIFICACIÓN DE FIN DE CURSO?

Esta nota elaborárase de xeito que faga converxer dous criterios:

- reflectir a aprendizaxe adquirida en cada avaliación.
- facer valer o principio da avaliación continua.

Para acadar esta converxencia optouse por elaborar a nota de fin de curso como un promedio das notas das tres avaliacións pero asignando a cada unha a seguinte porcentaxe:

- 1ª avaliación: 25%
- 2ª avaliación: 35%
- 3ª avaliación: 40%

Se o resultado da fórmula anterior é igual ou superior a 4'5 puntos considerarase a materia aprobada.

Se a nota dalgunha avaliación é inferior a 3 puntos non se poderá aplicar a fórmula anterior e nota de fin de curso non poderá chegar ao 5. Neste caso, é imprescindible recuperar a avaliación cuxa nota sexa inferior a 3 puntos para poder aplicar a fórmula citada.

Criterios de recuperación:

EXERCICIOS DE CLASE

Durante o curso, un exercicio suspenso hase de compensar con boas notas noutros exercicios de clase sempre e cando a nota do exercicio suspenso sexa maior de 3 puntos. De non ser así, o alumnado ha de realizar un exercicio similar ao que obtivo unha nota menor aos 3 puntos. Se aínda así o alumnado segue sen chegar aos citados 3 puntos pódesele ofrecer a posibilidade de facer un exercicio no que se avalíen unicamente contidos mínimos esixibles. A valoración deste exercicio pode variar dependendo dos contidos cuxa asimilación pretendemos avaliar, non sendo preceptiva a puntuación de 0 a 10 puntos. É dicir, podería avaliarse, por exemplo, de 0 a 3 puntos, de 0 a 5, de 0 a 6, etc. É dicir, se baixa o nivel de esixencia da actividade / exercicio, tamén debe baixar a nota máxima que poida obterse.

PROBA ESCRITA / CONTROL

No caso dunha proba escrita / control suspenso cunha nota inferior a 3 puntos, o alumnado deberá recuperar a cunha proba escrita / control similar. De ser necesario, pódese baixar o nivel de esixencia desta proba escrita / control de recuperación avaliando unicamente contidos mínimos esixibles. Neste caso, a avaliación de 0 a 10 puntos deixaría de ser preceptiva e se podería avaliar esta proba de recuperación cunha nota máxima menor aos 10 puntos. A adxudicación desta nota máxima de cualificación queda ao criterio do profesor.

A preparación desta proba escrita / control de recuperación correspóndelle ao alumnado, que recibirá asesoramento e actividades de reforzo do profesor. As actividades citadas consisten en exercicios prácticos que preparará ao alumnado para a proba escrita / control de recuperación. Por outra banda, a realización destas actividades por parte do alumnado terase en conta positivamente, ata un máximo de 3 puntos (que se sumarán á nota da proba escrita / control), sempre que o profesor teña constancia de que foron feitas polo alumnado. A tal fin, estas actividades serán realizadas, polo menos parcialmente, no centro escolar e en presenza do profesor nas horas de titoría de alumnado ou noutras que profesor e alumnado acordasen. É importante tamén que se cumpran as instrucións dadas polo profesor en canto a formato (caderno, carpeta, traballos soltos, dixital...) e que sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta á hora da consecución dos indicadores de logro.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O principal obxectivo deste procedemento é a recuperación das aprendizaxes non adquiridas e irá dirixido ao alumnado que promocione sen superar a materia.

O departamento programará as actividades que o alumnado debe realizar durante o curso, o seguimento, os criterios de avaliación e, será, en principio, o profesorado desta materia en 4º de ESO o encargado da facer o seguimento do alumnado que promocione a 4.º ESO coa materia pendente. En último caso, se non existe esa posibilidade porque non se imparta esta materia en 4º ESO, o xefe ou xefa de departamento será o responsable do seu seguimento.

A recuperación da materia levarase a termo mediante unha proba escrita / control cuxa preparación correspóndelle ao alumnado, que recibirá asesoramento e actividades de reforzo do profesorado. As actividades citadas consisten en exercicios prácticos que preparará ao alumnado que ten que recuperar a materia pendente. Por outra banda, a realización destas actividades por parte do alumnado terase en conta positivamente, ata un máximo de 3 puntos (que se sumarán á nota da proba escrita / control), sempre que o profesor teña constancia de que foron feitas polo alumnado que ten que recuperar esta materia. A tal fin, estas actividades serán realizadas, polo menos parcialmente, no centro escolar e en presenza do profesor nas horas de titoría de alumnado ou noutras que profesor e alumnado acordasen.

Para facilitar o anterior, o alumnado con esta materia pendente seguirá un plan de reforzo, que consistirá en entregas de exercicios ao longo do curso, do que o profesorado fará seguimento polo medio que acordaran previamente (reunións presenciais, aula virtual,...). É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato (caderno, carpeta, traballos soltos, dixital...) e que sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta á hora da consecución dos indicadores de logro.

A realización da proba escrita / control levarase a cabo nas datas indicadas e feitas públicas desde o centro.

6. Medidas de atención á diversidade

O principal obxectivo destas medidas é o seguimento do alumnado que require unha atención especial en función das súas características, motivacións ou circunstancias educativas e persoais, e o de aquel alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso.

Sendo a Cultura Clásica unha materia optativa, xa constitúe unha das vías que establecen resposta á diversidade de intereses e necesidades do alumnado. Con carácter xeral a ensinanza debe ter unha natureza individualizada, que tome en consideración o punto de partida de cada alumno ou alumna, traballando na medida do posible de xeito particular sobre a súa motivación, os seus intereses e as súas capacidades de aprendizaxe. Neste sentido débese prestar atención especial ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. De xeito ordinario adoptaranse unha serie de medidas encamiñadas a previr ou compensar dificultades leves mediante a adecuación do currículo vixente, sen alterar ningún dos seus elementos prescritivos, co fin de que a diversidade do alumnado acade as capacidades establecidas nos obxectivos. Neste sentido tomaranse medidas como:

- Metodoloxías que favorezan a participación de todo o alumnado: aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe seguida de cerca polo titor, maior participación, combinación de actividades (individual, por grupos, exposición, investigación, etc.), aprendizaxe autónoma, etc.

- Diversificar procedementos de avaliación.

- Reforzar valores e determinadas capacidades de tipo emocional.

- Reunións periódicas do equipo docente convocadas polo profesorado titor. Seguimento de casos e intervención cando a situación o aconselle.

- É fundamental tamén o reforzo da lectura comprensiva na nosa materia.

É posible que polas circunstancias persoais, sociais ou culturais dalgún alumno ou alumna sexa necesaria unha adaptación curricular significativa, o que implicará modificacións de elementos de prescrición do currículo como os obxectivos, contidos ou criterios de avaliación, mesmo no que se refire a concrecións metodolóxicas, aínda que esta medida só se tomará despois de explorar todas as posibilidades ordinarias. A adopción deste proceder será autorizada por Inspección Educativa e tras este paso decidirse que elementos do currículo deberán ser modificados. Nestes casos, a avaliación axustarase aos criterios individualizados establecidos na adaptación curricular, tendo sempre como referente os obxectivos da etapa á hora da promoción.

Estas medidas poderanse tomar nos seguintes casos:

- alumnado con altas capacidades intelectuais.

- alumnado con necesidades educativas especiais.

- alumnado con integración tardía no sistema educativo.

- alumnado que permanece máis dun ano no mesmo curso.

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe, o departamento preparará e entregaralles un material de apoio para traballar durante as fins de semana e períodos de vacacións. Este material (que se elaborará determinando aqueles aspectos que o alumno non consegue facer, os contidos que hai que traballar e a metodoloxía que hai que utilizar) deberao presentar rematado á volta do período vacacional. Durante a clase poderán resolverse as súas dúbidas mentres o resto de compañeiros prepara outra actividade. O tipo de traballo que se preparará obedecerá a unha ampla gama de exercicios e actividades, estruturada da seguinte forma:

- exercicios previos para comprender mellor a materia.
- exercicios prácticos variados para desenvolver os contidos necesarios.
- exercicios de repaso daqueles coñecementos peor adquiridos.

Do mesmo xeito, ao alumnado que amose un especial interese, procurarase entregarlle material (todo tipo de recursos materiais e recursos en rede) para ofrecerlle a posibilidade de profundar en aspectos concretos do programa de contidos.

MEDIDAS DE ATENCIÓN E SEGUIMIENTO DO ALUMNADO REPETIDOR

Durante o curso farase un seguimento do alumnado repetidor a fin de detectar dificultades de aprendizaxe e de traballo e participación na aula. De ser ese o caso, nas unidades didácticas onde haxa estas dificultades, propóraselle ao alumnado repetidor actividades e exercicios máis sinxelos e básicos que os propostos ao grupo de referencia. Estas actividades serían exercicios para cuxa realización haxa que asimilar e adquirir os contidos mínimos da unidade didáctica á que pertencen.

De non darse as dificultades anteriores, o alumnado repetidor seguirá o previsto para o grupo de referencia, tanto en contidos como en actividades e exercicios de aula.

Hai que considerar tamén a posibilidade de que este alumnado, dado que acaba de repetir curso, mostre certa vantaxe no seguimento da materia sobre o grupo de referencia. Se así fose, habería que valorar a conveniencia de que fíxese actividades e exercicios máis esixentes que as do grupo de referencia a fin de que non perda motivación no seguimento da materia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X	X	X	X				
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X		
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.				X				
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X			
ET.7 - A educación emocional e en valores.				X	X			X
ET.8 - A igualdade de xénero.			X	X				X
ET.9 - A creatividade.						X		
ET.10 - A educación para a paz.		X	X					

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.		X	X	X
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.				
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X			
ET.7 - A educación emocional e en valores.				
ET.8 - A igualdade de xénero.	X	X		X
ET.9 - A creatividade.	X	X	X	
ET.10 - A educación para a paz.				

Observacións:

Os elementos transversais son valores que teñen unha traxectoria histórica e, baixo o exemplo civilizador do mundo clásico, intégranse no currículo desde a perspectiva dos contidos de Grecia e Roma e tradúcense nunha vontade permanente de exemplificar a través deles e destacar respecto a dereitos e liberdades fundamentais, á participación, á liberdade, a xustiza, a igualdade, ao pluralismo político, a paz e a democracia, desenvolvendo a través da metodoloxía do currículo unha educación para a convivencia e o respecto nas relacións interpersoais, impulso da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a tolerancia e o recoñecemento da diversidade e rexeitamento a calquera forma de violencia.

É importante mencionar o interese que a metodoloxía do currículo ten en educar a capacidade de escoita activa, a empatía e o diálogo. Igualmente o autocontrol no uso das tecnoloxías da información e a comunicación, a convivencia e os hábitos de vida saudable, motivando o espírito emprendedor que xera un emprego sostible a través dunha posta en valor e uso respectuoso da herdanza clásica que o rico patrimonio clásico atesoura.

Como eixes vertebradores deste apartado, teranse en conta a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento, a educación emocional, a igualdade de xénero e a creatividade.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a exposicións, museos, conferencias, obras de teatro...	Asistencia a exposicións, charlas ou acontecementos que poidan xurdir durante o curso	X	X	

Observacións:

No caso da asistencia a exposicións, museos, etc, queda aberta a posibilidade de realizar esta actividade complementaria se se da a posibilidade de compartir autocar para acudir a Lugo xa que ao ser esta unha materia optativa e ter un alumnado pouco numeroso o custo da actividade sería moi elevado para as familias.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1 Planificación adecuada: número, duración das actividades, coherencia e nivel de dificultade.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
4 Pertinencia e accesibilidade dos materiais utilizados.
Medidas de atención á diversidade
3 Obxectivos alcanzados e selección de contidos.
5 Resultado das medidas de atención á diversidade.
Clima de traballo na aula
2 Grao de motivación logrado na aula, participación e progreso do alumnado e valoración de resultados finais.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
6 Tratamento dos elementos transversais e actividades complementarias.

Descrición:

En canto ao indicador 1 usarase unha folla de rexistro en distintos momentos do curso, especialmente ao remate de cada unidade didáctica e unha enquisa con preguntas directas ao alumnado para valorar os elementos positivos e negativos.

Para o indicador 2 usaremos cuestionarios ao alumnado que pasaremos ao final de cada trimestre para ver a evolución do proceso. Ademais, os resultados de aprendizaxe en cada avaliación, serán analizados para comprobar que estamos conseguindo os obxectivos.

Avaliaremos o proceso de ensino e a práctica docente utilizando rúbricas para os indicadores do grupo 3 a 6 ao final de curso.

A información obtida permitiranos realizar o contraste da práctica educativa co programado, a fin de realizar a revisión e, se fose necesario, a modificación das decisións que adoptásemos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A nosa programación constitúese como un instrumento vivo que o docente seguirá como marco de referencia e que permite introducir as correccións e melloras pertinentes, evitando así as improvisacións. Todo iso conseguirase seguindo as directrices desenvolvidas nos puntos e elementos anteriores dunha maneira flexible e adaptándose ás circunstancias concretas do centro e do alumnado.

A programación, nos puntos que se estime, revisarse nas reunións que o Departamento celebra, como mínimo cada mes, especialmente despois de analizar os resultados de cada unha das avaliacións, así como en calquera momento no que os membros do Departamento o consideren oportuno. Calquera cambio que se realice será comunicado aos membros da comunidade educativa que se vexan afectados.

Os elementos que serán revisados de maneira especial serán os seguintes:

- Número de sesións previstas e número de sesións utilizadas en cada UD.
- Orde dos contidos explicados.
- Actividades realizadas.
- Grao de cumprimento da UD.
- Obxectivos alcanzados.
- Propostas de mellora.

Estes cambios e adaptacións serán recollidos nas correspondentes actas de reunión, no apartado de seguimento da propia plataforma Proens e posteriormente na memoria final de curso.

Na derradeira reunión de departamento recolleranse as propostas de mellora de cara a modificar e mellorar a programación da materia no vindeiro curso.

9. Outros apartados